



A Catapulta recibe o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez

O poeta e presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega conversa con Samuel L. París no episodio 12 do programa.

<https://osalto.gal/catapulta/entrevista-presidente-da-aelg-cesareo-sanchez>



A Catapulta alcanza o seu episodio 12 coa visita de Cesáreo Sánchez Iglesias, poeta e presidente da [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#) (AELG). Esta entidade, fundada en 1980, conta con máis de 500 socias e socios a quen defende, orienta e visibiliza.

Ao longo do episodio, Cesáreo Sánchez e Samuel L. París conversaron sobre a misión da AELG, os logros acadados ao longo dos seus anos de actividade e os principais retos que afronta, como son a profesionalización ou a falta de apoios institucionais.

A Catapulta é o noso programa sobre poesía dirixido e conducido por [Samuel L. París](#). Cada emisión pode seguirse en directo ou verse en diferido nas canles de Twitch e Youtube de El Salto. Tamén pode escoitarse en [formato podcast](#).